

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 2 de marzo de 2015 polo que se someten ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído de varias estradas da rede autonómica de Galicia da zona do Baixo Miño.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a promover a segunda fase dos mapas estratéxicos de ruído das vías pertencentes á rede autonómica de estradas de Galicia. Estes mapas deséñanse para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada debido á existencia de distintas fontes de ruído, realizar predicións globais para a dita zona e así mellorar a calidade acústica no noso contorno.

Por todo isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a citada lei, e no Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o real decreto anterior, sométense a información pública os mapas estratéxicos de ruído das estradas que a seguir se relacionan:

Estrada	Zona do Baixo Miño	Treito/s	Clave	Concello/s
PO-340	Tui (N-550) – A Ramallosa (PO-552)	16+800 ao 21+510	PO/13/042.09.1	Gondomar, Nigrán
PO-403	Salvaterra (PO-400)-Ponteareas (N-120)	8+550 ao 11+280	PO/13/042.09.2	Ponteareas
PO-552	Vigo (Avda. do Alcalde Portanet)-Tui (N-551)	2+310 ao 9+410 10+830 ao 15+590 46+860 ao 62+090 63+840 ao 71+220	PO/13/042.09.3	Vigo, Nigrán, Baiona, A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período en que poderán ser examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou as suxestións que coiden oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela) e nos respectivos concellos. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) atópase á disposición dos interesados o documento completo de cada un dos treitos referidos.



Por outra banda, as observacións deberán enviarse á Axencia Galega de Infraestruturas ou poderán ser remitidas a través do seguinte enderezo de correo electrónico: mapas-ruido.infraestructuras@xunta.es, indicando claramente a actuación a que van dirixidas e os datos persoais (nome e apelidos, NIF/CIF, enderezo de notificación, nº de teléfono e enderezo de correo electrónico) da/s persoa/s interesada/s.

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2015

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: k83b7zn6-cbt0-7on1-03o3-cm3cg8ciryv5

